



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DEZASEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 32)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández.

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezaseis de outubro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA NOVE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de outubro de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E EVOLUTIVOS DAS APLICACIÓNS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de mantemento e evolutivos das aplicacións de administración electrónica da Deputación de Lugo, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV66QTHMCHV2V6PTY3XCCNR6LY ¹.

Solicitud de consignación orzamentaria, con CSV: IV66QTHMZI672SJ2AT5E73TFK4.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV66SCH4F3UCTIONMYUYUQKISTEM.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7GQWAOEA5I7LZD6D4FK3YAA4.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7GQWAOMBNM73EIC3WACPYRBY.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7GQPL6OHX26XWTSB4VKQTBMQ.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7GQL3T3YJL5JNLUL7CEEAPM4.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do servizo de mantemento e evolutivos das aplicacións de administración electrónica da Deputación de Lugo.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de adxudicación e de negociación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con pluralidade de criterios, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) apartado 2º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos

145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación).

4º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación do contrato, mediante convite á empresa Guadaltel S.A., a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite ao licitador.

5º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 35.925,00 €, ao que se aplicará un IVE (21%) de 7.544,25 euros , o que fai un total de 43.469,25 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL E UNIFORMIDADE/ROUPA DE TRABALLO DESTINADOS A PLANTILLA DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes

Vistos os antecedentes que se relacionan a continuación:

Acordo da Xunta de Goberno, en sesión de 28 de agosto de 2020, con CSV IV67FXAPPIU5XNHSBVWNKACXKQ², de aprobación do procedemento de adxudicación por procedemento negociado, mediante convite ás empresas 2M2, Servigasa e Uniformes y Bordados, logo de quedar deserto o procedemento aberto co mesmo obxecto.

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Decreto de 18 de setembro de 2020, con CSV IV7GUCXDJMVMJ6OOVQE54AIQ74, polo que se aproba convidar a D. Sergio Yáñez Quiroga ao procedemento, logo da solicitude formulada por este.

Convites realizados ás catro empresas, con data 21 de setembro de 2020, con prazo de presentación de ofertas ata o 1 de outubro de 2020.

Consultada a Plataforma de Contratos do Sector Público, confírmase que non existen ofertas presentadas para este procedemento.

Acta da Mesa de Contratación, celebrada o 7 de outubro de 2020, na que se acordou: “Visto que non hai ofertas admisibles en ningún dos lotes, a Mesa acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación declarar deserta a licitación da contratación da subministración de equipos de protección individual e uniformidade/roupa de traballo destinados á plantilla da Deputación de Lugo, lote 1 e lote 2, e buscar fórmulas alternativas para esta contratación”.

E tendo en conta que o contido e a tramitación foi conforme coa normativa de aplicación, e en virtude da competencia que corresponde ao órgano de contratación, e a vista do exposto, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Declarar deserto o procedemento para a contratación da subministración de equipos de protección individual e uniformidade/roupa de traballo destinados a plantilla da Deputación de Lugo.

Motivación: non se presentou ningunha oferta no prazo establecido como límite para presentación de ofertas (1 de outubro de 2020).

2º.- Publicar este acordo na Plataforma de Contratos do Sector Público e dar traslado do mesmo ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais, aos efectos do seu coñecemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO 2019.

Proposta en relación coa adxudicación de investimentos incluídos polo concello de Bóveda no Plan Único 2019. (investimento Nº 42 .- dotación de mobiliario “bancos, papeleiras”).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Polo Concello de Bóveda achégase certificado de adxudicación de investimentos, incluídos no Plan único 2019, e en relación co mesmo infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídos os investimentos que se sinalan.

As bases do plan único establecen na base 18 o prazo para adxudicar os investimentos, sinalando “... os concellos adxudicarán e formalizarán, de proceder, os contratos referentes as actuacións incluídas no Plan ata o 31 de outubro de 2019. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno a solicitude motivada do Concello”

O concello de Bóveda, presentou o correspondente certificado do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración -anexos III ou IV, no que

se sinalan as datas de adxudicación, figurando adxudicadas en data posterior ao prazo previsto nas bases, (31/10/2019), sen que conste solicitude de prórroga, figurando a data de adxudicación da obra nº 42 o 25/03/2020, sendo aceptada dita adxudicación por acordo da Xunta de Goberno de data 05/06/2020.

Así mesmo, o Concello remite en data 28/09/2020 novo anexo III de adxudicación do contrato, toda vez que o anteriormente achegado foi motivo de Resolución por mutuo acordo, sendo as datas de adxudicación:

CONCELLO DE:	OBRA PUC/19 Nº:	DATA ADXUDICACIÓN
BÓVEDA	42	28/09/2020

En relación coas adxudicacións, fora do prazo inicialmente previsto e prórroga concedidas ao efecto, das referidas obras, por parte do Concello indicado, cabe admitir a adxudicación, en virtude do establecido no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, (aplicable por analoxía e supletoriamente segundo o previsto na propia base 13 e de conformidade co previsto na disposición adicional oitava da Lei xeral de subvencións) que determina que “...transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse a mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada...”, trámite que non se ten efectuado, no marco do procedemento de xustificación da achega concedida. Tampouco está iniciado o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da achega, toda vez que están en prazo para presentar a xustificación do investimento.

Neste sentido e como regra xeral, os interesados sempre poden aportar alegacións antes do trámite de audiencia, garantizado polo artigo 42 da LXS, no procedemento de reintegro que se aplica ao procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro dunha subvención (artigo 89 do RXLS). Neste caso non se ten producido nin un nin o outro.

Doutra banda, e como argumento xeral aplicable, e reafirmando esta interpretación, o artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre o cumprimento de trámites, na ordenación do procedemento, establece, en coincidencia co previsto no artigo 76.3 da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, (derogada), “... Aos interesados que non cumbran o disposto nos apartados anteriores se lles poderá declarar decaídos no seu dereito ao trámite correspondente. Non obstante, admitirase a actuación do interesado e producirá os seus efectos legais, si se produce antes ou dentro do día que se notifique a resolución na que se teña por transcorrido o prazo”.. Neste caso concreto non se iniciou o trámite de declaración da perda do dereito ao trámite da adxudicación das obras incluídas no Plan Único de Cooperación 2019, e polo tanto debe entenderse que a actuación por iniciativa propia de adxudicar os investimentos indicados, incluídos no Plan único 2019, do Concello indicado, e a achega a esta Deputación, debe entenderse presentadas e realizadas dentro do prazo do artigo 73.3 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

En relación coa adxudicación dos investimentos fora do prazo inicialmente fixado, ou fora da prórroga concedida, de ser o caso; de acordo co establecido no artigo 28 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, cando o incumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos a cantidade a reintegrar vira determinada pola aplicación dos criterios enunciados no paragrafo n) do apartado III do artigo 17 da lei ou, no seu caso, as establecidas na normativa autonómica reguladora da subvención, tendo en conta o grao de intencionalidade, a contía e a gravidade do incumprimento, os prexuízos que se podan causar a terceiros e o prexuízo para os intereses públicos.

O aludido artigo 17.3.n) da LXS establece que a norma reguladora das bases de concesión das subvencións concretará, entre outros, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente vaia percibir o beneficiario ou, no seu caso, o importe a reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade.

O Servizo de Contratación e Fomento ven aplicando en casos precedentes e semellantes ao exposto o principio de proporcionalidade e considera que procede aceptar a adxudicación fora do prazo inicialmente establecido, ou das súas prorrogas, de ser o caso, con base no establecido no artigo 37.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 28 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo ao amosarse unha actividade tendente ao cumprimento dos fins e obxectivos da subvención, polo beneficiario. A este respecto, cabe destacar

o indicado no Informe da Intervención Xeral da Comunidade de Madrid, de 12 de marzo de 2013 que, en relación coa presentación fóra do prazo establecido dos documentos xustificativos polo beneficiario, establece que: “ ... acreditado como queda el cumplimiento de la finalidad de la subvención dentro del plazo establecido en la orden reguladora de la subvención objeto de discrepancia, y teniendo en cuenta lo anteriormente expuesto, a juicio de esta Intervención General, no procede imponer el reintegro de las cantidades abonadas al beneficiario por la aportación extemporánea de los documentos justificativos de dicho cumplimiento, en tanto que, la inobservancia de un requisito de carácter formal no puede implicar una sanción de consecuencias patrimoniales desproporcionadas para aquel, como sería el caso del reintegro de la totalidad de la ayuda. En este sentido se ha pronunciado la jurisprudencia más reciente, como es el caso de la sentencia de 29 de febrero de 2000 del Tribunal Superior de Justicia de Asturias, que confirma la no aplicabilidad del reintegro de la subvención por el beneficiario que incumple sus deberes formales de justificación (...)”.

O artigo 37.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece que cando o incumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade a reintegrar vira determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da lei ou, no seu caso, ás establecidas na normativa autonómica reguladora da subvención.

Neste sentido pode invocarse a sentenza 1342/2018, do 19 de xullo (Rec 3622/2017), do Tribunal Supremo, no sentido de que “non se pode ter por decaído no seu dereito ao solicitante que presenta a documentación requirida fora do prazo outorgado, pero antes da declaración de desestímato” ou a Sentenza 497/2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A STS 6/6/2007 aclara que “el principio de proporcionalidad... permite emplear ciertos criterios de graduación de los posibles incumplimientos de las condiciones impuestas al conceder las subvenciones. Casos...en los que no existe un incumplimiento absoluto de la obligación de justificación, pueden no ser tratados del mismo modo que estos últimos. Si se trata de una justificación ligeramente tardía, resulta indiscutible la realización efectiva y material- y dentro de

su plazo propio- de las condiciones sustantivas y concurren las circunstancias excepcionales que ya hemos descrito, habrá junto de las relaciones Administración- beneficiario”.

A STSJ de Castilla e León, Valladolid, 103/2007 de 19/1, nun suposto en que a presentación dos xustificantes de gastos se fizo 2 días despois da finalización do prazo, declara que non é procedente a revogación por “desproporcionada en relación con la naturaleza del incumplimiento que se atribuye a la parte, pues de seguir esta interpretación cualquier incumplimiento, por mínimo que fuese, acarrearía necesariamente la revocación de la subvención..” pero matiza “salvo que se desprenda que el incumplimiento del plazo de presentación, en relación con las normas de la convocatoria haya tenido una naturaleza trascendente para el fin de la subvención, o haya podido tener influencia en el ejercicio por la Administración de sus potestades de control y fiscalización...”

Neste sentido, cabe mencionar que as bases do Plan único non indican consecuencias “fatales” ou de exclusión á circunstancia de non presentar en prazo as adxudicacións dos investimentos. Debe terse en conta o principio de “proporcionalidade” e a boa fe, xunto coa lealdade institucional, unido ao efecto útil do procedemento administrativo.

Ademais, na base 20 establécese que os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2020, e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación antes do 15 de outubro de 2020, estando, polo tanto, en prazo para presentación de dita xustificación.

Non obstante estes prazos foron ampliados por acordo do Pleno en sesión ordinaria celebrada o 29/09/2020, fixando o 31/10/2020 para a execución dos investimentos e o 15/11/2020 como data límite para presentar a xustificación.

Conclusión

Visto o antedito, cos datos obrantes neste Servizo de Contratación e Fomento, e a xuízo do informante, e tendo en conta que non é finalidade da administración Provincial cernar procedementos canalizados para servir ao interese xeral, e moi especialmente no plan que nos

ocupa, dando cumprimento á competencia e responsabilidade do ente Provincial de cooperar cos Concellos, e en consecuencia, non se observa un detrimento ou perda; non existe ningunha circunstancia competitiva na tramitación, senón unha ordenación procedementa para alcanzar os obxectivos do plan, sendo estas as pautas aplicadas, desde que se comezou a implantar e aplicar o plan único, de sorte que existen numerosos precedentes en distintas tramitacións dos plans precedentes, entende o que subscribe, que os trámites para a adxudicación, aínda que realizados con demora, non deben impedir, en aplicación do principio de proporcionalidade, que se acepte ditos certificados, toda vez que, ademais, está en prazo para a presentación da conta xustificativa, que será a que determine a cantidade a aboar aos concellos en función da xustificación presentada, polo que se informa favorablemente a aceptación do anexo III, inda adxudicado fora do prazo inicialmente establecido.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar, á vista da súa xustificación e informe do Servizo de Contratación e Fomento, o anexo III de adxudicación de investimento incluído no plan único 2019, achegado polo concello indicado, no que a adxudicación se ten realizada na data que se indica, con posterioridade a data límite fixada, tendo en conta que están en prazo para a presentación da conta xustificativa, que será a que determine a cantidade a aboar ao concello:

CONCELLO DE:	OBRA PUC/19 Nº:	DATA ADXUDICACIÓN
BÓVEDA	42	28/09/2020

2º.- Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

Escrito do Concello de O Valadouro, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 317 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de O Valadouro, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (317) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13^a, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevé colocar o cartel identificativo do investimento...”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

Concello de O Valadouro

O Concello de O Valadouro presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
O VALADOURO	317	ACONDICIONAMENTO PARQUE INFANTIL EN PRAZA CONCEPCIÓN ARENAL, INCLÚÍDO HONORARIOS	1711.76201	16.415,30€

Polo Pleno, en sesión ordinaria de data 29/09/2020 acordouse ampliar os prazos para executar e xustificar os investimentos incluídos no Plan Único 2019 ata o 31/10/2020 e 15/11/2020 respectivamente.

Así mesmo, por escrito de data 07/10/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
O VALADOURO	REM	ACONDICIONAMENTO CESPED PISCINA MUNICIPAL E ACONDICIONAMENTO DE ROTONDA DE ACCESO A O VALADOURO	1711.76201	--	16.415,30€	16.415,30€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de O Valadouro, no Plan Único 2019.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de O Valadouro e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos límite aprobado polo Pleno en Sesión ordinaria celebrada o 29/09/2020, que son para a execución o 31/10/2020 e para xustificación o 15/11/2020, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
O VALADOURO	REM	ACONDICIONAMENTO CESPED PISCINA MUNICIPAL E ACONDICIONAMENTO DE ROTONDA DE ACCESO A O VALADOURO	1711.76201	--	16.415,30€	16.415,30€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CO POS 2015.

Proposta en relación coa xustificación do investimento Nº 55 denominado soterramento lmta e substitución CT 27A889 Oural-Chorente, incluído polo concello de Sarria no POS 2015.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao investimento nº 55 denominado Soterramento lmta e substitución CT 27A889 Oural-Chorente, incluído polo concello de Sarria no POS 2015, que dispón o seguinte:

“Vista a documentación remitida polo Concello de Sarria en data 23/09/2016 con RE e complementada en data 18/02/2017 con RE ao Servizo de Contratación e Fomento (Unidade de Obras e Plans) para xustificar o investimento nº 55 denominado Soterramento lmta e substitución CT 27A889 Oural-Chorente incluído por dito Concello no POS 2015, emétese o seguinte informe,

Antecedentes

O plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e de estradas para o ano 2015 (POS 2015) foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión de data 24/02/2015, figurando incluída a obra que se sinala.

Por acordo do Pleno, en sesión de data 29/12/2015 concedéuselle ao Concello de Sarria, unha ampliación dos prazos; para executar a obra indicada ata o 30/06/2016 e para achegar a xustificación da mesma ata o 15/07/2016. Deste acordo déuselle traslado ao Concello a través de escrito de data 18/01/2016 con RS.

O Concello de Sarria, ao obxecto de xustificar a inversión sinalada, achegou o 23/09/2016 con RE documentación ao efecto.

En data 18/02/2017, o Concello de Sarria achegou a través de escrito con RE, documentación complementaria a fin de xustificar a execución da obra.

En data 24/02/2017 a través de escrito con RS, púxose en coñecemento do Concello de Sarria as deficiencias e erros dos que adoeceía a documentación indicada, a fin de que achegara a documentación solicitada, sen ter achegado, ata o momento dita documentación.

En data 04/06/2020, requiriuse ao Concello de Sarria, a través de escrito con RS, no que se indicaba a documentación que debería achegar, outorgándolle un prazo de dez días hábiles, coa advertencia que de non cumprir co mesmo se le declarará decaído no seu dereito ao trámite correspondente (art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - PAC) e procederase a declaración da perda do dereito ao cobro da mesma.

O Concello de Sarria non achegou a documentación xustificativa requirida.

Fundamentos xurídicos

O acordo de aprobación do Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e de estradas para o ano 2015 (POS 2015) foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión de data 24/02/2015, figurando incluída a obra que se sinala, establecéronse as datas límites para executar e xustificar os investimentos.

Non obstante, por acordo do Pleno de data 29/12/2015 estableceuse como data límite para rematar as obras o 30/06/2016 e o prazo para remitir a documentación xustificativa finalizaba o 15/07/2016.

O artigo 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece: “1. Los trámites que deban ser cumplimentados por los interesados deberán realizarse en el plazo de diez días a partir del siguiente al de la notificación del correspondiente acto, salvo en el caso de que en la norma correspondiente se fije plazo distinto. 2. En cualquier momento del procedimiento, cuando la Administración considere que alguno de los

actos de los interesados no reúne los requisitos necesarios, lo pondrá en conocimiento de su autor, concediéndole un plazo de diez días para cumplimentarlo. 3. A los interesados que no cumplan lo dispuesto en los apartados anteriores, se les podrá declarar decaídos en su derecho al trámite correspondiente. No obstante, se admitirá la actuación del interesado y producirá sus efectos legales, si se produjera antes o dentro del día que se notifique la resolución en la que se tenga por transcurrido el plazo”.

O órgano competente para declarar decaído ao seu dereito, inda que non se regula na aprobación do Plan (POS 2015), ao non se prever esta casuística, enténdese competente a Xunta de Goberno, toda vez que o Regulamento orgánico unicamente se refire ao Pleno para a aprobación do Plan Provincial de Obras e Servizos (POS) e demais plans que poida ou deba aprobar a Deputación.

Conclusión

A vista do anterior, infórmase favorablemente:

Declarar decaído, ao Concello de Sarria, no seu dereito ao trámite de presentación de xustificación do investimento nº 55, denominado Soterramento lmta e substitución CT 27A889 Oural-Chorente, incluído polo Concello de Sarria no POS 2015, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 39/2015 –PAC-.

Incoar expediente de declaración de perda do dereito ao cobro da achega da Deputación que cofinanciaba o investimento, cuantificada en 17.666,66 euros.

Notificar ao Concello de Sarria o acordo, concedéndolle trámite de audiencia, por un prazo de 10 días hábiles de acordo co establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, a fin que poidan alegar e presentar os documentos e xustificantes que estimen oportunos.

Á vista do exposto, remítase o expediente correspondente ao indicado convenio e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Declarar decaído, ao Concello de Sarria, no seu dereito ao trámite de presentación de xustificación do investimento nº 55, denominado Soterramento lmta e substitución CT 27A889 Oural-Chorente, incluído polo Concello de Sarria no POS 2015, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 39/2015 –PAC-.

2º.- Incoar expediente de declaración de perda do dereito ao cobro da achega da Deputación que cofinanciaba o investimento, cuantificada en 17.666,66 euros.

3º.- Notificar ao Concello de Sarria o acordo, concedéndolle trámite de audiencia, por un prazo de 10 días hábiles de acordo co establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, a fin que poidan alegar e presentar os documentos e xustificantes que estimen oportunos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS INTERADMINISTRATIVOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo a Fundación Luis Tilve para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Proxecto de investigación sobre a reorganización do movemento obreiro na provincia de Lugo e a súa repercusión en Galicia (1945-1990)” na anualidade 2020.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Fundación Luis Tilve, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación consistente en “Proxecto de Investigación sobre a reorganización do movemento obreiro na provincia de Lugo e a súa repercusión en Galicia (1945-1990) ”, polo

importe de 25.000,00 €, co pagamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 12.500,00 €, con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Certificado do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do Convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 4.1.c: Fomento da Promoción Económica e Social da provincia de Lugo, da Área de Promoción Económica e Social, do PES (2020 -2022) aprobado por resolución de Presidencia, do 2 de abril de 2020, xa que na mesma se recollen os obxectivos de impulsar a promoción de emprego estable e de calidade no territorio, potenciando mecanismos de apoio a actuacións encamiñadas á mellora da empregabilidade e fomentando o emprego como instrumento clave para lograr a igualdade de oportunidades.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2020, que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00 € de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais superiores.

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación, que se refire á colaboración co beneficiario para o financiamento dos gastos derivados da actuación “Proxecto de Investigación sobre a reorganización do movemento obreiro na provincia de Lugo e a súa repercusión en Galicia (1945-1990)”. O obxecto que se persegue é a mellora da empregabilidade, a loita contra a precarización do mercado laboral e a promoción do emprego de calidade na nosa provincia como instrumento cruce para lograr a igualdade de oportunidades, a partir do estudo do movemento obreiro do período 1945-1990.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 25.000 €, a favor da Fundación Luis Tilve, para sufragar os gastos derivados da actuación “Proxecto de Investigación sobre a reorganización do movemento obreiro na provincia de Lugo e a súa repercusión en Galicia (1945-1990)”, na anualidade 2020, subvención incluída na liña 4.1.c: Fomento da Promoción Económica e Social da provincia de Lugo, da Área de Promoción Económica e Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que se aprobe o gasto polo importe total de 25.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2410.489.11 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020 a favor da Fundación Luis Tilve, para sufragar os gastos derivados da actuación “Proxecto de Investigación sobre a reorganización do movemento obreiro na provincia de Lugo e a súa repercusión en Galicia (1945-1990) ” na anualidade 2020.

3º.- Que se aprobe o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Burela coa finalidade común de colaborar na reposición de peche no campo de herba artificial de A Marosa.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Burela para a execución dos fins común de reposición de peche no campo de herba artificial de A Marosa, consta no mesmo:

Solicitud do Concello de Burela con número de expediente no GTM: 2020/PES_03/016023, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7GQ22JFAH5WSN37VQMF5ZQKM.

Borrador de convenio con CSV: IV7GQ22JCHRPTNENANHM4IL66A.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7GQ22JNV43UWECY35FGAYB6Y.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobado o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Burela coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Reposición de peche no campo de herba artificial de A Marosa, con un orzamento total de 52.413,65 euros.

2º.- Que se aprobo o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 52.413,65 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de modificación, se procede, do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes na celebración de Equigal, salón internacional do cabalo de Galicia 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, de data 13 de outubro de 2020, no que literalmente se establece:

“Asunto: Addenda convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes na celebración de Equigal, salón internacional do cabalo de Galicia 2020.

Destinatario: Intervención

Visto o escrito remitido, o 7 de outubro de 2020, polo representante da Fundación Feireas e Exposicións de Lugo, no que solicita literalmente que “(...) se conceda o pagamento anticipado do 50 % sobre o importe total da axuda outorgada, é dicir, 20.000,00 €, con dispensa de garantía, coa finalidade de obter os fondos necesarios para poder levar a cabo o pagamento das actuacións inherentes á axuda concedida, xa que existe unha notoria dificultade económica para acometelos”.

En relación co asunto de referencia emito o seguinte informe:

Antecedentes de feito,

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 18 de setembro de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Aprobar o texto do convenio de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Feireas e Exposicións de Lugo, coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns da celebración de Eguigal, salón internacional do cabalo de Galicia 2020, cun orzamento total de 44.000,00€; a achega da Deputación ascende a contía de 40.000,00€.

Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 40.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4311.48903 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2020.

O convenio de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Feireas e Exposicións de Lugo coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns da celebración de Eguigal, salón internacional do cabalo de Galicia 2020, formalizouse o 22 de setembro de 2020.

Pretendese a modificación da cláusula quinta –réxime económico e titularidade dos resultados, que quedaría redactada no seguinte senso:

“Quinta.- Réxime económico e titularidade dos resultados

“(…)

Anticipo

Por outra banda, a Deputación de Lugo poderá efectuar un anticipo, con dispensa de garantía, de ata o 50% da cantidade achegada pola Deputación, previa solicitude que deberá ser acompañada da seguinte documentación:

Solicitude do anticipo.

Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

Declaración responsable na que se faga constar que a Entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Documento bancario no que se indique o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a documentación achegada.

Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación, que poderá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil”.

Consideracións xurídico- administrativas,

Na cláusula oitava (vixencia do convenio) do convenio de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Feireas e Exposicións de Lugo coa finalidade común

de colaborar na execución dos fins comúns da celebración de Eguigal, salón internacional do cabalo de Galicia 2020 establécese que:

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2020 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2022, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2021, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 19, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula novena -modificacións- do citado convenio recollese que:

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio estea vixente.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

En canto ao órgano competente para aprobar a modificación, mediante a addenda, do convenio de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Feireas e Exposicións de Lugo coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns da celebración de Eguigal, salón internacional do cabalo de Galicia 2020 é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

Conclusiones,

Por todo o exposto, informase favorablemente a modificación nos termos da addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de

referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do convenio de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Feireas e Exposicións de Lugo coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns da celebración de Eguigal, salón internacional do cabalo de Galicia 2020, formalizado o 22 de setembro de 2020, nos termos da addenda ao convenio que se incorpora ao expediente, mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/005.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno a proposta da Comisión de Valoración, acordou estimar a solicitude tramitada có número de expediente SUBAGR-2019/005, correspondente á sociedade civil Gandería Seiner, S.C. (O Corgo), destinada a “Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros”, concedéndolle unha subvención por importe de 745,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector

agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

Dona María Teresa Fernández Rodríguez (O Corgo), en representación da sociedade civil Ganadería Seiner, S.C., presenta escrito con data de rexistro de entrada 2 de outubro de 2020, solicitando a renuncia a subvención SUBAGR-2019/005.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

Acceder a petición formulada por dona María Teresa Fernández Rodríguez (O Corgo), en representación da sociedade civil Ganadería Seiner, S.C., e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 6 de marzo de 2020, para a Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros, por importe de 745,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A TITULARES DE OBRADOIROS ARTESÁNS INCLUÍDOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA NA PROVINCIA DE LUGO NO CONTEXTO DA CRISE DA PANDEMIA DA COVID-19, ANUALIDADE 2020.

Visto o escrito da Responsable Coordinadora II do Centro de Artesanía e Deseño, no que manifesta a necesidade de realizar unha revisión máis precisa dos anexos que se inclúen no expediente, polo que se propón a retirada da Orde do Día deste expediente. A Xunta de Goberno por unanimidade, acorda retirar o asunto da Orde do Día da presente sesión.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e dez minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.